



**Resolución do 8 de xullo de 2020 da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se convoca ao persoal que superou o proceso selectivo unitario para a provisión mediante contrato laboral temporal de postos de Auxiliares da Policía Local convocado a través da Orde do 25 de maio (DOG núm. 103, do 29 de maio) ao acto de elección de posto.**

De conformidade co establecido no punto 9 das bases da Orde do 25 de maio de 2020,

### **RESOLVO**

**Primeiro.:** Convocar aos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo unitario para a cobertura de postos de auxiliares de Policía Local, de acordo co anexo I desta Resolución, a sesión de elección de posto que terá lugar **o día 10 de xullo de 2020, as 10:00 horas** no salón de actos da AGASP.

**Segundo.:** Convocar nos mesmos termos que no punto anterior, ao persoal que se relaciona no anexo II, correspondente a listaxe de reserva, **o día 10 de xullo de 2020, as 12:00 horas**, no salón de actos da AGASP, para cubrir as eventuais renuncias que se poidan producir na sesión previa de elección de posto entre o persoal que superou e obtivo posto no proceso selectivo.

**Terceiro.:** Recordar, que a concorrencia por parte das persoas aprobadas a esta sesión de elección de posto é obrigatoria nos mesmos termos e coas mesmas excepcións que se aplican á obriga de concorrencia as probas selectivas das oposicións consonte o establecido





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

no artigo 12 do decreto 243/2008, do 16 de outubro polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais .

As persoas aprobadas que, estando obrigadas, non comparezan persoalmente ou por medio de representación seranlles adxudicadas os postos que lles correspondan segundo a puntuación obtida no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación daquelas persoas aprobadas presentes ou representadas, entre as que quedasen sen adxudicar.

**Cuarto:** As persoas citadas deberán acudir coa mascarilla posta e seguir todas as indicacións hixiénico – sanitarias que se lle indiquen.

Non se permiten acompañantes.

**Quinto.:** De acordo co establecido na lexislación vixente, ningunha persoa pode elixir posto no mesmo concello no que puidera ou poida estar traballando durante o primeiro semestre do ano en curso (2020).

**Sexto.:** Publicar como anexo III a esta Resolución, a relación de postos a cubrir, de acordo coas modificacións e/ou peticións efectuadas polos concellos na data de sinatura desta resolución.

A Estrada, 8 de xullo de 2020

O director xeral

Santiago Villanueva Álvarez



**Xacobeo 2021**